

## Programa de goberno para Novo Mesoiro

O barrio de Novo Mesoiro ten unha singularidade específica única na cidade: malia ser un núcleo urbano periférico, coma son Feáns, Mesoiro, A Silva, A Moura etc, non se trata dun núcleo histórico, xa que logo, é un barrio de recente creación que se comezou a construír en 2002, e presenta unha das principais deficiencias que ao longo do noso país caracteriza estas construcións urbanas nas últimas décadas, non noutra que a falla de planificación dos servizos e das infraestruturas que se necesitan cando se formulan novos espazos urbanos de vivendas.

De feito, grazas a un forte arraigo da xente que comezou a vivir nesta zona e unha non menos forte mobilización e auto organización a través do asociacionismo veciñal, as eivas en dotacións, en servizos e en infraestruturas foron, iso si, moi paseniñamente, paliándose relativamente polo traballo reivindicativo e de seguimento que se fixo nestas xa dúas décadas do barrio.

E dicimos relativamente xa que entendemos no BNG que aínda quedan moitas actuacións que realizar para que o barrio, como tal, poda ter completado de xeito inequívoco os servizos que se precisan.

Por outra banda, o BNG presenta no seu programa un apartado específico de "Barrios", onde recollemos todas aquelas actuacións necesarias e de común ao seu conxunto. Pois nas visitas que se teñen realizado durante estes últimos anos, temos detectado como determinados asuntos comúns afectan, en maior ou menos grado, aos barrios da nosa cidade. De igual xeito, en Novo Mesoiro. Velaquí as cuestións e actuacións que nós pensamos deben ser prioridades para no barrio.

### Mobilidade.

Curioso resulta, despois de solicitar durante os últimos 8 anos o **reforzo da liña 21** do bus que conecta o barrio co núcleo urbano e que se insistira desde a concesionaria que non existía a demanda por parte das persoas usuarias, que desde o 5 de maio haxa un reforzamento coa incorporación dun bus máis en días laborábeis, o que supón a redución da frecuencia a 15 minutos. Mais isto é insuficiente. É demanda da veciñanza **a posta en marcha dunha segunda liña** que conecte o barrio con campus de Elviña, co barrio de Matogrande, onde veciñanza do barrio ten derivada a atención sanitaria ou crianzas estudando, e coas zonas sanitarias do Chuac e Materno Infantil. A **xestión do transporte**

**público colectivo a partir do ano 2025 é unha oportunidade única** para Novo Mesoiro e para todos os demais barrios da cidade, de escoitar á veciñanza e de estudar, amodo, os fluxos de persoas viaxeiras máis empregados para dar xeito a unhas liñas máis acaídas para as persoas que viven nos barrios.

Neste sentido, na actualidade existe un servizo de **transporte público metropolitano** que conecta outras localidades coa zona de Agrela onde están varias zonas de ocio e comerciais, polo que tamén se vai negociar coa Xunta de Galiza e a compañía que ten o concesión da liña para que poida recoller e deixar, no noso termo municipal, veciñanza de Novo Mesoiro, Mesoiro, Feáns e da urbanización Breogán, empregando as paradas de buses existentes na estrada DP-0512.

Do mesmo xeito, fica pendente garantir **o transporte público colectivo aos centros de ensino de secundaria** para poder chegar ás mozas e aos mozos de toda esta contorna. O BNG apoiou, no seu día, a demanda da construción dun CPI que integrara o ciclo de secundaria dentro do barrio. A Xunta decidiu, por contra, a construción dun CEIP malia que se previa de forma evidente que a alta concentración de nenos e nenas derivaría, na actualidade e para os vindeiros anos, dunha alta demanda de prazas de ensino secundario. Negociarase coa Xunta a dotación do servizo para os institutos de Elviña, da Sardiñeira e o Puga Ramón, ao seren estes centos os de referencia para toda esta zona, garantindo, deste xeito, chegar toda esta mocidade aos centros de ensino.

Por último, non esquecemos que a mobilidade implica outros aspectos: o aparcamento e o calmado do tráfico.

A respecto do **aparcamento**, malia estar ben dotado o barrio de Novo Mesoiro de prazas de aparcamento suficientes, a zona superior do barrio, a que comprende a **rúa Ribeira Sacra** e a **rúa Fragas do Eume**, ten un déficit que ten que ser contrarrestado. Deste xeito, fórmulanse dúas propostas: mentres o espazo dotacional existente na parte superior da rúa Ribeira Sacra siga sendo empregado coma aparcamento, deberá acometerse unha reforma integral, adaptándoo para ese uso; como segunda medida, estudaremos a viabilidade de mudar o aparcamento da marxe dereita da rúa Ribeira Sacra, hoxe en día disposto en paralelo, para que sexa en batería.

Con respecto ao **calmado de tráfico**, o barrio no seu conxunto é zona 30, mais vemos como non se respecta este límite de velocidade, e mesmo nalgunha zona,

incúmpranse gravemente as normas de tráfico, saltándose as liñas continuas nas avenidas principais, polo que tomaremos as medidas oportunas, incluídas as sancións, para cumprir coa normativa de circulación e un progresivo calmado do tráfico no conxunto da zona 30 de Novo Mesoiro.

### **Accesibilidade**

Novo Mesoiro é unha das poucas zonas urbanas onde o Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, sobre a accesibilidade e da Lei 10/2014, de 3 de decembro de accesibilidade de Galiza, se cumpren.

É por isto que é importantísimo que se **manteñan e reparen**, se proceder, todos **os espazos urbanos do barrio de forma permanente** e facendo seguimento para que, en calquera caso ou incidencia, poidan ser solucionadas as problemáticas que aparezan. É, por tanto, obvio que o **bo estado de beirarrúas, beiravías e os seus accesos ten que ser prioritario**. Deste xeito, repararanse calquera destes elementos urbanos que puideran estar danados ou deteriorados, como acción política cotiá.

Outro caso é o acceso e saída do barrio e que xa implica tamén unha actuación noutras zonas, xa que logo, desde a urbanización Breogán até o Birloque, no trazado da **estrada DP-0512** existen varios tramos que non teñen beirarrúas. Xestionarase coa Deputación da Coruña, administración da que depende o mantemento da estrada, a solución deste problemática que afecta a un conxunto de poboación de máis de 10.000 persoas que actualidade non teñen o acceso peonil garantido ao núcleo urbano, sen contar as persoas traballadoras do polígono de Pocomaco e do polígono de Vío que se atopan coa mesma situación desta infraestrutura.

### **Parques, xardíns e zonas de lecer**

Os barrios serán o centro das nosas políticas municipais. E precisamente, a respecto do mantemento de parques, de xardíns e das áreas de lecer, é onde podemos facer ese gran cambio que merecen.

Encargarémonos de que empresa que na actualidade ten a concesión do mantemento de zonas verdes parques cumpra co barrio de Novo Mesoiro e roce as zonas publicas próximas ás vivendas para evitar situacións de risco coma incendios ou a proliferación de insectos e animais que puideran crear situacións sanitarias perigosas. Non pode ser que esta limpeza só se faga cando a

veciñanza presenta reclamacións no servizo 010 ou se queixa a través das redes sociais.

Hai que ser especialmente coidadosos con aquelas zonas que afectan tamén a mobilidade: como na mediana da avenida principal de Novo Mesoiro, pois xa caeron varias veces pólas dos plataneiros na calzada supoñendo un perigo viario; ou nas rotondas, nas que a falta de roce dificulta a visibilidade.

Outro aparte, a respecto das zonas de lecer, son, por unha beira, os espazos que hoxe ocupa **o campo de fútbol da Fundación Johan Cruyff** e, por outra, as áreas de xogos infantís. A respecto do campo de fútbol, o deterioro deste espazo é algo por toda a veciñanza observábel. Mirarase o prego de concesión outorgado no seu día, pois se ben eses espazos son municipais, en función dos prazos de datas temporais do mesmo e a concesión demanial por 10 anos realizada, a reparación pode ser que deba ser realizada pola propia Fundación. De ser así, esixirase esta á maior brevidade para non esgotar os prazos da mesma e que finalmente deban ser asumidos polo Concello. De se tratar, por contra, responsabilidade municipal, acometerase a reforma de xeito inmediato.

No que ten que a ver coas **áreas infantís**, cómpre un amplo repaso reparando todos os elementos deteriorados ou, simplemente, a substitución por outros novos de todos aqueles obsoletos ou que xa non podan seguir empregándose, nomeadamente as **fontes de auga** que en ningún momento foron funcionais.

Por último, tamén deberamos pararnos na situación dos **elementos decorativos dos grandes parques** que ten o barrio, nomeadamente os valados, moi deteriorados polo paso do tempo, mesmo inexistentes xa en varios tramos dos sendeiros dos mesmo. Deberase planificar durante este mandato a renovación de todos estes elementos.

### **Limpeza, aseo de rúas e lixo**

Do mesmo xeito que se sinalaba no apartado anterior que o manter os espazos de lecer dos barrios son tan merecentes de ter o mesmo coidado que o centro da cidade, a limpeza e aseo de rúas aínda máis.

Ten que ser unha obriga de todo Goberno Municipal contrastar que as rúas do barrio están limpas e **exixir as empresas concesionarias destes servizos o cumprimento dos seus contratos**. Alén de aplicar as **medidas sancionadoras** que se deriven das normativas municipais vixentes, deben realizarse **políticas activas e campañas publicitarias e pedagóxicas** sobre o mantemento urbano

e os bens colectivos, de conservación dos espazos públicos e de como tratar o lixo nas rúas, tanto o que ten a ver cos desperdicios e o lixo, o uso de contedores, os abandono de móbeis, os refugallos e, tamén, a conciliación dos espazos urbanos e as necesidades das nosas mascotas.

### **Servizos públicos**

Neste apartado o BNG, alén doutras cuestións máis xenéricas, e que entrarían dentro do limiar do programa de barrios co que nos presentamos a estas eleccións, distingue tres actuación diferenciadas para o barrio:

**O Centro Cívico e os servizos que poden ser derivados.** Dada a construción modular do mesmo, **estudar a posibilidade da ampliación** do edificio, co obxectivo, entre outros, poder ampliar actividades, ofrecer máis servizos e a apertura dun **despacho de atención e información** semellante ao creado *ad hoc* para a información sobre as hipotecas, e que servise para a xestión inmediata coa administración local (pago fraccionado do IBI, pago xenérico de impostos e multas, presentación de solicitudes etc.) entendido como oficina de atención presencial para as xestións municipais no barrio. Esta oficina, complementaria aos servizos centrais e dixitais, que non necesariamente tería por que ser permanente, pois logo podería ter encaixe nun sistema rotatorio ou altemo por quendas, atendería a demanda existente de axuda as persoas que, ou ben non se poden achegar aos servizos municipais centralizados ou ben non teñen os mecanismos ou as habilidades necesarias para as xestións administrativas municipais en liña a través da internet ou necesiten da mediación nas súas tramitacións co Concello. Do mesmo xeito, e como indicabamos, tamén enténdese necesaria a ampliación das prazas das actividades do Centro Cívico pois logo a demanda destas queda, nun porcentaxe elevado, sen cubrir.

Asemade, como complemento aos servizos que se prestan, habilitaríase o local do baixo núm. 17 da rúa Ribeira Sacra de propiedade municipal. Na actualidade o “Espazo TEU” ocupa os baixos do núm. 15 e do núm. 19 e está sendo empregando para outras funcións cando existe un déficit de dotacións para goce veciñal, como unha aula de ordenadores e impresoras públicas para que se puideran imprimir traballos, acceder a contidos a través da internet, realizar *curriculum vitae* etc., ou unha aula pública onde trasladar actividades do Centro Cívico, co obxecto de desconxestionar o propio centro.

**Biblioteca.** É unha promesa incumprida reiteradamente. Malia terse aprobado en 2020 unha partida orzamentaria para o estudo da construción desta infraestrutura nunca chegou a efectuarse ningún estudo ou planificación para a construción dunha biblioteca no barrio. É necesaria a construción deste servizo público que dea servizo ás zonas de Novo Mesoiro, Mesoiro, Feáns, e incluso o Birloque, Martinete e Castro de Elviña, xa que logo a máis próxima a todas estes barrios e zona é a Biblioteca dependente da Consellería de Cultura “Miguel González Garcés” de Elviña.

**Centro de Saúde.** O BNG, no Goberno Municipal, exixiralle á Xunta de Galiza o reforzo dos servizos dependentes do Centro de Saúde de Novo Mesoiro. O Centro de Saúde debe de dar atención o público en horario de tardes, de behabilitarse e dotarse todo o andar primeiro e ampliar o seu persoal, como mínimo, cunha praza máis de matrona, unha praza máis para a/o médica/o de familia, unha praza máis para o servizo de enfermaría e unha praza máis de administrativa/o. O Goberno Municipal non pode inhibirse na demanda colectiva do barrio e exercer as accións oportunas para que esta infraestrutura atenda á demanda actual do barrio e de toda a contorna.

**Oficina de Correos.** A maiores das anteriores actuacións, o BNG, no Goberno Municipal, exixiralle á Administración do Estado a ampliación do horario de atención ao público da **Oficina de Correos**. Na actualidade, só atende de 9.30 h a 13.30 h de luns a venres, horario insuficiente para atender as demandas do barrio, polo que consideramos necesario que esta administración estenda este horario á tarde e aos sábados á mañá.

Por último, queremos destacar que no comunicaremos constantemente coa entidade veciñal do barrio para nos manter informados da realidade cotiá, na procura de achegar, desde un goberno do BNG, o máximo posíbel de solucións inmediatas as incidencias que xurdiran e que a xestión política municipal puideran resolverse, ou, no seu caso, mediar con aquelas outras Administracións representando os intereses do barrio ante estas.